

CONVOCATORIA CONTRATACIÓN PERSOAL CITMAga

OFERTA DE EMPREGO POR OBRA E SERVIZO

PROXECTO: “*Digital Transmission System Operator*”.

REFERENCIA DA OFERTA: CITMAga-OT-12/2021.

DESCRIPCIÓN DO POSTO: 1 contrato como **investigador/a** para o **proxecto de investigación** no marco do contrato entre ITMATI (Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial), actualmente integrado, como oficina de transferencia dos resultados da investigación, no CITMAga (Consortio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia) e unha empresa do sector da enerxía do grupo Reganosa (Regasificadora del Noroeste S.A.)

RESPONSABLES: Profesor Dr. Alfredo Bermúdez de Castro e Prof. Dr. Ángel González Rueda.

PERFIS DOS CANDIDATOS: Licenciados/as, Enxeñeiros/as Graduados/as, Doutores/as e Mestrados relacionados coas Matemáticas, a Física, a Enxeñería e a Informática (ou similares).

MÉRITOS E REQUISITOS A VALORAR:

■ **Formación e experiencia xeral a valorar (40 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).**

- Expediente académico do grado ou licenciatura, enxeñería, mestrado.
- Grao de afinidade das titulacións do candidato cos ámbitos da Matemática Industrial (Matemática Aplicada, Estatística e Investigación Operativa, Informática ou similar).
- Experiencia no desenvolvemento de software científico, en particular, software de modelización, simulación numérica e optimización. Desenvolvemento de algoritmos matemáticos, implementación e validación no ordenador.
- Coñecementos de inglés.

■ **Coñecementos e experiencia adicional e específica a valorar (30 puntos, todas as aportacións deben estar documentadas).**

Á hora de valorar as candidaturas presentadas tamén se terá en conta a experiencia nalgúns dos seguintes campos relacionados cos ámbitos de investigación do Proxecto, non sendo necesario ter experiencia en todos eles:

- Métodos numéricos para a resolución de ecuacións diferenciais ordinarias e derivadas parciais.
- Coñecementos de modelización de procesos físicos no ámbito enerxético. En

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357



- particular, modelización e simulación numérica en mecánica de fluídos.
- Métodos numéricos en optimización.
- Programación en linguaxes de cálculo científico (Python, Fortran, C, C++, etc.).

■ Entrevista persoal e cartas de recomendación (30 puntos).

As persoas candidatas seleccionadas de acordo cos criterios anteriores serán convocadas a unha entrevista persoal e a unha proba relativa ás funcións do posto. Nesta terceira fase teranse en conta as cartas de recomendación que cheguen para o/a candidato/a; soamente se admitirán 3 cartas de recomendación por candidato/a, que deberán ser remitidas directamente pola persoa que emita o informe e non o propio/a candidato/a. Entrevistaranse ao menos aos/as tres candidatos/as con mellor valoración e que entre os dous apartados anteriores alcanzaran ao menos 35 puntos.

REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS

Para ser admitidas/os, as persoas aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto para a que realicen a súa solicitude indicados no punto anterior, deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes e mantelos ata a data prevista de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas con nacionalidade española e de algún dos demais Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais de algún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.
- Así mesmo poderán participar as persoas con nacionalidade de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. No obstante, a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357



- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da/s titulación/s válida/s en España que se indique/n de acordo á lexislación española.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

CONDICIÓNS:

- Retribución bruta mensual: 1.584€-1.801,07€ en 12 pagas; en función dos méritos e experiencia do candidato/a.
- Data inicio prevista: incorporación inmediata.
- Duración e data estimada fin de obra prevista: 19 de febreiro de 2022.
- Xornada laboral: xornada completa.

COMISIÓN DE EVALUACIÓN:

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación designada ao efecto. A Comisión estará constituída polo responsable científico do Proxecto (presidiráa), membros do equipo de investigación do proxecto adscritos ao Centro, un investigador adscrito ao Centro que non participe no proxecto e o secretario, que será designado polo Centro. A Comisión de Avaliación farase pública unha vez finalizado o período de avaliación coa resolución desta convocatoria.

LUGAR DE TRABALLO: Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), Campus Vida, Santiago de Compostela.

ENVÍO DE SOLICITUDES

As persoas interesadas neste contrato deberán enviar antes do 4 de novembro de 2021 ás 23:59 horas as solicitudes, que deberán incluír unha carta de presentación que resuma a traxectoria do solicitante cos méritos e experiencia a valorar na convocatoria, o currículo vitae (con teléfono móbil e correo electrónico), o título e os expedientes académicos de Grao/Licenciatura/Enxeñería, Máster, Doutoramento; e vida laboral (que acredite os méritos profesionais que aparecen no currículo vitae). As cartas de recomendación, soamente se admitirán se as envía directamente a persoa que informa (e non o propio candidato/a). Toda a documentación remitirase á seguinte dirección de correo electrónico: itmati@itmati.com indicando no “asunto” a referencia da oferta CITMAga-OT-12/2021. Unha vez recibida a solicitude confirmarase a recepción da mesma mediante correo electrónico. Os candidatos que sexan convocados á fase de entrevista deberán aportar documentación orixinal dos méritos aportados.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357



PRAZOS E RESOLUCIÓN:

Recepción de solicitudes: ata o 4 de novembro de 2021 ás 23:59 horas

Avaliación de solicitudes e realización de entrevistas persoais: semana do 8 e/ou 15 de novembro de 2021.

Resolución da convocatoria: segunda quincena de novembro 2021.

LISTADO DE ESPERA

Trala resolución da convocatoria, os/as candidatos/as que non foron seleccionados/as e cumpran os requisitos establecidos nos criterios da convocatoria de praza, e respectando o indicado na convocatoria, constituirán un “listado de espera” no marco desa convocatoria por orde de méritos e valía. Dito “listado de espera” farase público o mesmo día da resolución da convocatoria, e estará en vigor durante todo o tempo de duración da obra ou servizo involucrada na convocatoria. A Comisión de Avaliación da convocatoria, se o estima convinte, poderá facer uso do “listado de espera”, sempre e cando algún traballador cause baixes voluntarias no marco do proxecto e durante todo o tempo de duración do mesmo.

CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria dedicárase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade que orixine a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica, así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo. Os contratos terán carácter laboral temporal, e realizaranse baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado para a realización dun proxecto/actividade específica no marco do Estatuto dos Traballadores. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevidas non previstas inicialmente.

NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao persoal de CITMAga.

RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357



INCOMPATIBILIDADES

O contrato obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Toda a información en relación con esta convocatoria, así como a resolución desta, publicarase na páxina web de ITMATI <http://www.itmati.com/>.

Rosa María Crujeiras Casais
Directora Científica en funcións de CITMAga.



Salida:

26 / 10 / 2021

Nº Registro:

143

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia

ITMATI – Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación

www.itmati.com

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

itmati@itmati.com | Telf.: +34 881 813 357



Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS, NIF 52931780V, 26/10/2021 12:14:29.

CSV: 98AD-E3C4-4466-9ABA